PLAN RIBEIRA SACRA

Plan de xestión da paisaxe cultural

2020-2023

Resumo Executivo

XUNTA DE GALICIA

Máis de 1.500 anos de historia *para a Humanidade*

INTRODUCIÓN. NECESIDADE DO PLAN RIBEIRA SACRA (PRS)

A Ribeira Sacra é un territorio das provincias de Lugo e Ourense condicionado por unha espectacular topografía derivada co encaixamento dos cursos fluviais do Sil e do Miño que **conta cunhas características singulares relacionadas especialmente co seu valor cultural.**

No decreto 166/2018, polo que se declara Ben de Interese Cultural (BIC) a paisaxe cultural da Ribeira Sacra, descríbese como **unha paisaxe viva, organicamente desenvolta, que preserva unha función social activa na sociedade contemporánea, moi ligada ao modo de vida tradicional, e na que continúa o proceso evolutivo.**

Está constituída por catro compoñentes clave que lle outorgan unha singularidade e excepcionalidade única: as ribeiras e tres herdades:

- **As ribeiras dos ríos Miño e Sil**
- **A herdade de Rocas**
- **A herdade de Montederramo**
- **A herdade de Ferreira de Pantón**

Ribeira Sacra conta cun sistema de protección integral, que garante unha adecuada conservación, e este **Plan Ribeira Sacra de xestión da Paisaxe Cultural (2020-2023) (PRS) concíbese como a ferramenta precisa para a planificación e a acción coordinada**, adaptada á complexidade propia dun Ben de Interese Cultural tan extenso como este.

EIXES DA XESTIÓN DO BIC DA RIBEIRA SACRA.

Como antecedentes, cómpre dicir que **a xestión do BIC da Paisaxe Cultural da Ribeira Sacra** fundaméntase en tres eixes fundamentais:

EIXE	INSTRUMENTO PRINCIPAL	CONTROL
PROTECCIÓN	Decreto 166/2018 **Paisaxe Cultural Ribeira Sacra**	*Dirección Xeral de Patrimonio Cultural (DXPC)*
PLANIFICACIÓN	**Plan Ribeira Sacra:** investimento de máis de 34M€ (Plan de xestión)	*Comisión Interdepartamental Ribeira Sacra*
COORDINACIÓN	**Plan de accións**: investigación, conservación, divulgación etc.	*DXPC* *Consorcio de Turismo Ribeira Sacra* *Entidades colaboradoras*

As condicións para a eficaz **protección**, **planificación** e **coordinación** da Paisaxe Cultural da Ribeira Sacra están garantidas

- por **ferramentas lexislativas e administrativas** para a adecuada salvagarda dos valores culturais excepcionais do ben,
- uns **medios humanos** capacitados e especializados,
- e unha **planificación extensa baseada en criterios de sustentabilidade e cohesión social** que conta cun **marco económico propio** e se orienta á **correcta valoración e interpretación do territorio** e as súas compoñentes como bens de valor cultural.

CONTEXTO E ALCANCE DO PRS NO MARCO DA CANDIDATURA A PATRIMONIO DA UNESCO

A Ribeira Sacra ten dado desde o inicio dos primeiros plans piloto de principios dos 90 innumerables pasos en materia patrimonial e de defensa e recoñecemento da súa identidade.

- A Paisaxe Cultural da Ribeira Sacra **evolucionou nestes últimos tempos na confirmación da súa identidade.**

O que procuraremos é que no futuro a Ribeira Sacra sexa **un referente mundial na xestión dunha Paisaxe Cultural única e excepcional**. Para isto considérase preciso impulsar un plan que poña negro sobre branco os obxectivos para a zona.

O Plan Ribeira Sacra. Plan de Xestión da Paisaxe Cultural (2020-2023) é un paso relevante no camiño cara a inclusión da Paisaxe Cultural da Ribeira Sacra na Lista do Patrimonio Mundial da UNESCO.

- **Define unha estratexia común e compromete uns investimentos por parte da Xunta de Galicia** para acadar unha correcta e eficiente **planificación da protección**, **conservación** e **promoción** do conxunto deste territorio.

- Trátase, polo tanto, dun **traballo previo e esencial** para que en 2021 esteamos en disposición de **acadar a declaración da Ribeira Sacra como Patrimonio da Humanidade**.

O PRS EN CIFRAS

Como se ten explicado, a xestión do ben da Paisaxe Cultual da Ribeira Sacra fundamentase en tres eixes fundamentais:

- **A Protección,**
- **a Planificación**
- **e a Coordinación.**

Para avanzar no eixe da **PLANIFICACIÓN** elaborouse o Plan Ribeira Sacra.

Estruturado en **7 PROGRAMAS** que se concretarán en **35 ACCIÓNS**, para as que a Xunta de Galicia mobilizará un total de **34M€** entre **2020 e 2023**.

Uns orzamentos que partirán dun total de **5 CONSELLERÍAS DA XUNTA DE GALICIA**: Cultura e Turismo; Medio Rural; Medio Ambiente, Territorio e Vivenda; Economía, Emprego e Industria; e Infraestruturas e Mobilidade

E beneficiarán directamente a **un total de 25 concellos de Lugo e Ourense**. Sendo, así mesmo, positivos para un desenvolvemento territorial harmónico do conxunto de Galicia.

PROGRAMAS E ORZAMENTO DO PRS

Como se dicía, este plan cuatrienal prevé un investimento de máis de **34M€** e melloras na xestión da Ribeira Sacra en **7 eidos ou Programas**:

- **Patrimonio e paisaxe cultural** (9.760.940 €)
- **Ordenación do territorio** (568.000 €)
- **Conservación dos valores naturais e medio ambiente** (5.302.700 €)
- **Desenvolvemento económico sustentable** (16.273.140 €)
- **Xestión do turismo** (1.305.000 €)
- **Educación, formación e investigación** (870.000 €)
- **Comunicación e participación** (250.000 €)

OBXECTIVOS ESTRATÉXICOS DO PRS

Os diferentes **Programas** están orientados a cumprir os seguintes **Obxectivos estratéxicos**, contribuíndo de maneira transversal aos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible (ODS) da ONU:

1. Conservar e manter o Valor Universal Excepcional da Paisaxe Cultural da Ribeira Sacra relacionado coa riqueza do seu patrimonio cultural construído (artístico, arquitectónico, arqueolóxico e industrial) e dunha paisaxe agraria de policultivo en socalcos nas ladeiras dos vales dos ríos, configurados e mantidos por sucesivas xeracións de habitantes desta terra durante máis de mil anos.

2. Promover a internacionalización da Paisaxe Cultural da Ribeira Sacra.

3. Coordinar as actividades de xestión e promoción do territorio entre os diferentes axentes implicados: administracións públicas, entidades privadas e habitantes.

4. Consolidar e mellorar a participación e sensibilización social para conservar os valores culturais e as paisaxes da Ribeira Sacra.

5. Impulsar a dinamización socioeconómica da Ribeira Sacra en equilibrio coa conservación das actividades que teñen modelado a paisaxe cultural ao longo da historia.

6. Fomentar un turismo sustentable e de calidade que respecte e potencie o seu Valor Universal Excepcional.

7. Fomentar a investigación, a divulgación e o coñecemento do territorio.

ALCANCE TERRITORIAL DO PRS

A xestión de Paisaxe Cultural abarca o territorio completo do Ben de Interese Cultural (BIC), incluíndo a **zona delimitada** dos compoñentes do ben declarados Ben de Interese Cultural, a **zona de amortecemento** que completa as súas medidas de protección e unha **área de estudo estendida** que conxuntamente abarcan **25 municipios**, cunha superficie aproximada de **3.000 km2** e preto de **64.000 habitantes**, que viven en **460 parroquias** e **2.742 núcleos de poboación**.

Para a definición do territorio tívose en conta a delimitación do BIC e distribución territorial do Consorcio de Turismo Ribeira Sacra, do Xeodestino Ribeira Sacra e da Denominación de Orixe Protexida de Viño Ribeira Sacra.

Os concellos son A Peroxa, A Pobra de Trives, A Pobra do Brollón, A Teixeira, Bóveda, Carballedo, Castro Caldelas, Chandrexa de Queixa, Chantada, Esgos, Manzaneda, Monforte de Lemos, Montederramo, Nogueira de Ramuín, O Saviñao, Pantón, Parada de Sil, Paradela, Portomarín, Quiroga, Ribas de Sil, San Xoan de Río, Sober, Taboada e Xunqueira de Espadañedo.

GOBERNANZA, DESENVOLVEMENTO E CONTROL DO PRS

A coordinación deste Plan de Xestión recaera na Comisión Interdepartamental Ribeira Sacra, que é o foro de presentación, debate, análise e avaliación dos resultados, das políticas e accións impulsadas e involucrará a todos os axentes do territorio (Consorcio de Turismo Ribeira Sacra, Denominación de Orixe Ribeira Sacra etc.) coa supervisión e participación da administración competente en materia de protección do patrimonio cultural.

Trátase dunha medida clave para o desenvolvemento efectivo do Plan de Xestión.

- O traballo da Comisión **favorecerá que todas as iniciativas que se despreguen sobre o territorio sexan compatibles coa preservación do Valor Universal Excepcional** e dos atributos que o definen.

ANEXO I: XUSTIFICACIÓN DO VALOR UNIVERSAL EXCEPCIONAL DA CANDIDATURA DA RIBEIRA SACRA

No marco da elaboración da Candidatura afondouse na síntese e concreción dun Valor Universal Excepcional que resulta único no mundo.

- A Ribeira Sacra é o **único exemplo conservado dunha cristianización orientada á vía ascética**, nada do movemento heterodoxo do priscilianismo que se desenvolveu nos vales do Sil e o Miño a finais do século IV. Ademais, é o resultado dun novo modelo territorial e construtivo, froito do encontro de Oriente e Occidente nas migracións do século VI.

- Outra das súas características fundamentais son **os socalcos** ou pataos, extraordinarias construcións de bancais que forman parte das Ribeiras. **Orixínanse no século IX** como solución para o cultivo agrícola en áreas de fortes pendentes que caracterizan aos vales dos ríos Sil e Miño. A súa duración e inmutabilidade amósanos unha continuidade na forma de xestionar os solos, tamén relacionada cun modelo de propiedade da terra denominada cavada ou cavadura, cuxa superficie media, inferior a 400 metros cadrados, tense mantidos até a actualidade.

ANEXO II: UN BEN EXCEPCIONAL SEGUNDO TRES DOS CRITERIOS ESTABLECIDOS POLA UNESCO

A zona delimitada e a área de amortecemento do BIC cumpre con tres dos criterios establecidos pola UNESCO e que se concretan nas directrices operativas para a aplicación das directrices da Convención para a salvagarda do Patrimonio Mundial Cultural e Natural.

(iii) Aportar unha testemuña único, ou a lo menos excepcional, sobre unha tradición cultural ou unha civilización viva ou desaparecida;

- Ribeira Sacra constitúe unha testemuña única da cristianización de Occidente que presentou nesta zona unhas características propias debido á influencia que tiveron as ideas animistas de Prisciliano sobre estas comunidades, chegando a identificar Gallaecia coa construción dunha herexía.

- San Martiño de Dumio impulsou o monacato occidental e a ortodoxia venceu á heterodoxia. A primeira monarquía de Europa, o Reino de Suevo de Galicia, fúndase no ano 573 no Mosteiro de San Pedro de Rocas, símbolo da nova orde e punto de encontro entre Oriente e Occidente no momento da súa construción.

(iv) Ser un exemplo eminentemente representativo dun tipo de construción ou de conxunto arquitectónico ou tecnolóxico, ou de paisaxe que ilustre un ou varios períodos significativos da historia humana;

- Ribeira Sacra representa un exemplo excepcional da sacralización do territorio, con exemplos magníficos e sen igual de todos os períodos históricos que conforman un conxunto único no que se pode interpretar o seu desenvolvemento e evolución.

- Destaca especialmente a configuración dos conxuntos monumentais que son fiel reflexo da evolución até hoxe en día da vida eremítica cara a convivencia monástica nun amplo marco temporal recollido desde os seus inicios en occidente e que se encontran ligados ao establecemento do primeiro reino europeo xurdido do desmantelamento do Imperio Romano.

(v) Ser un exemplo destacado de formas tradicionais de asentamento humano ou de utilización da terra ou do mar, representativos dunha cultura (ou de varias culturas), ou de interacción do home co medio, sobre todo cando este tense feito vulnerable debido ao impacto provocado por cambios irreversibles;

- Ribeira Sacra conserva unha estrutura social identitaria de orixe relixiosa: a parroquia, que foi establecida hai máis de 1500 anos. Os seus límites aínda se manteñen hoxe e representan a unidade cultural, de organización social e económica da comunidade.

- A parroquia é testemuña dos procesos de consolidación e xestión do territorio, organizando a creación dun terreo produtivo nas Ribeiras, nunhas condicións excepcionais, cuxo máximo expoñente son as terrazas monumentais (socalcos) e unha agricultura manual que tamén se mantén.

- A súa agricultura está baseada no policultivo, onde destacan a vide, o castiñeiro e os froiteiras, que convive co terreo improdutivo e inaccesible dos grandes macizos pétreos. Da mesma forma, coexiste coa conservación dunha dinámica agrogandeira e forestal da paisaxe que se ten desenvolto continuamente ao longo dos séculos e que teñen a capacidade de adaptarse aos cambios nos paradigmas económicos e sociais mantendo as características propias das comunidades e a súa relación co territorio.

A candidatura da Paisaxe Cultural da Ribeira Sacra á Lista do Patrimonio Mundial da UNESCO é a consecuencia dos procesos de recoñecemento dos seus múltiples valores singulares tanto por especialistas, como polo público xeral e a propia comunidade local. Unha historia que arrinca no Paleolítico, pero que ten un desenvolvemento prolífico en testemuñas e rexistro construído a partir dunha progresiva ocupación deste espazo desde os tempos da herexía priscilianista en diante. Máis de 1500 anos, por tanto, de historia para a Humanidade.

ANEXO III: FITOS NA PRESENTACIÓN DA CANDIDATURA (1990-2021)

1990

Estudio piloto para a xestión conxunta da *Ribeira Sacra*, pola *Dirección Xeral de Patrimonio Cultural*

1996

Candidatura da *Ribeira Sacra de* Lugo e Ourense na lista indicativa española do patrimonio cultural e natural

2004

Publicación "Ribeira Sacra. Esencia de espiritualidade en Galicia"

2014

Comezo de numerosos estudios sobre patromonio e paisaxe, polas diputacións de Lugo e de Ourense

2015

Determinación das Grandes Áreas e Comarcas Paisaxísticas de *Galicia*

2016

Incorporación de Paisaxe Cultural na categoría de *Patrimonio cultural de Galicia* (LPCG)

2018

Declaración da Ribeira Sacra como Ben de Interese Cultural na categoría de Paisaxe Cultural

2019

Aprobación da súa candidatura á lista de *Patrimonio da Humanidade da Unesco*, polo *Consello de Patrimonio Histórico do Ministerio de Cultura*

2021

Declaración de *Paisaxe Cultural* da Ribeira Sacra como Patrimonio Mundial da Unesco

XUNTA DE GALICIA

PLAN RIBEIRA SACRA

Plan de xestión da paisaxe cultural

2020-2023

Resumo Executivo

galicia Xacobeo 2021